

administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. EULEN, S.A.
2. FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U.

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo (18.030-101)

A secretaria comunica aos membros da Mesa a través da plataforma de Contratos do Sector Público que foron presentados os seguintes licitadores:

1. ADECCO OUTSOURCING, S.A.U.
2. SACAFERRO, S.L.
3. TROSMA PRODUCCIONES, S.L.U.
4. DAEGA PROTOCOLO Y EVENTOS, S.L.

O Rexistro Xeral expediu certificado no que se indica que non se presentou ningunha proposición a través do Rexistro.

No entanto, o 21 de xullo de 2020 (último día do prazo de presentación de ofertas), ás 19:00 horas, foi recibida por correo enviado ao Servizo de Contratación a proposta exportada en formato xml de ERP PUBLICIDAD, S.L., ao abeiro do previsto na cláusula 14.1 do PCAP.

Pregúntase aos asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, a secretaria engade a oferta presencial presentada por ERP PUBLICIDAD, S.L. na plataforma de licitación electrónica e, acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliable mediante xuízo de valor) dos licitadores presentados.

Compróbase, en primeiro lugar, a documentación persoal e acórdase, por unanimidade,

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ADECCO OUTSOURCING, S.A.U.
2. SACAFERRO, S.L.
3. TROSMA PRODUCCIONES, S.L.U.
4. ERP PUBLICIDAD, S.L.

- b) Outorgar un prazo de tres días a DAEGA PROTOCOLO Y EVENTOS, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación, concretamente deberá presentar o Anexo II ao PCAP esixido na cláusula 14.2A) do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:55	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAB45-EFCC47-3E482E-EJK4WF-QD81KU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A continuación ábrese a “Proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia en Vigo (23.976-332)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación do 17 de xullo de 2020, así como o anexo a este informe corrixido o 23 de xullo, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda, por unanimidade:

1. Excluir deste procedemento a ELEROC SERVICIOS S.L (OSGA) por exceder o prezo unitario ofertado o prezo previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP).
2. Iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con AMIL LAGO SERVICOS GENERALES S.L por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:00, logo dun receso de 2 horas para solventar problemas técnicos coa Plataforma de Contratos do Sector Público. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

